

EQUIPO DIDÁCTICO DE INGLÉS**Materiais:**

- Libro dixital EVA- Edixgal.
- Google Classroom.
- Caderno de traballo.
- Extra worksheets, recursos dixitais e outros materiais.
- Xogos.
- Actividades orais.

Plan de traballo:

Todas as sesións comezarán cun repaso dos contidos previamente adquiridos.

Con carácter xeral, en tódalas unidades traballarase de xeito progresivo:

- Comunicación.
- Plurilingüismo.
- Interculturalidade.

As sesións desenvolveranse normalmente de acordo á seguinte estrutura:

1. Repaso dos contidos do día anterior.
2. Explicación dos novos conceptos.
3. Traballo da lección.
4. Posta en común.
5. Traballo individual ou grupal.

Para a práctica e a realización das actividades deixarase un tempo na clase, debendo concluílas na casa aqueles/as alumnos/as que non aproveitasen o tempo.

CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta materia son globais, polo que serán traballados nos tres trimestres de xeito gradual.

Ditos contidos traballaranse en tódalas unidades deste curso:

BLOQUES CONTIDOS	DE COMÚNS A TODAS AS UNIDADES
COMUNICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. ▪ Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. ▪ Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. ▪ Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. ▪ Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
PLURILINGÜISMO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. ▪ Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
INTERCULTURALIDADE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal,

	<p>cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. ▪ Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
--	--

A planificación para o traballo do vocabulario e das estruturas gramaticais quedaría da seguinte forma:

1 ST TERM	2 ND TERM	3 RD TERM
<p style="text-align: center;">UNIT 1</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Os distintos lugares que se atopan nunha cidade. Distintos medios de transporte. Gramática: There is/There are. Preposicións de lugar. Funcións comunicativas: Ser quen de expresar e preguntar direccións.</p> <p style="text-align: center;">UNIT 2</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Adxectivos para describir psicolóxicamente ás persoas. Habilidades. Gramática: To be +adjective. Can/can't. Forma comparativa do adxectivo. Funcións comunicativas: Describir as características físicas e psicolóxicas dun mesmo/a e doutra persoa.</p>	<p style="text-align: center;">UNIT 3</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: A comida. Gramática: Presente simple. Adverbios de frecuencia. Funcións comunicativas: Falar sobre gustos relacionados coa comida. Preguntar e ofrecer comida a outros.</p> <p style="text-align: center;">UNIT 4</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Os deportes. Distintas profesións. Gramática: Presente continuo. Presente simple vs Presente continuo. Expresións de tempo. Funcións comunicativas: Falar sobre actividades diarias e actividades de días especiais. Ser quen de describir rutinas diarias relacionadas con distintas profesións.</p>	<p style="text-align: center;">UNIT 5</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Tecnoloxía. Vidas no pasado. Gramática: Pasado simple de verbos regulares. Expresións de tempo no pasado. Funcións comunicativas: Describir unha persoa influente no pasado.</p> <p style="text-align: center;">UNIT 6</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Os animais. As paisaxes. Actividades das vacacións. Gramática: Pasado simple de verbos irregulares. There were/There was. Funcións comunicativas: Ser quen de falar sobre os recordos das vacacións.</p>

RELACIÓN ENTRE BLOQUES DE CONTIDO E O SEU PESO NA AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Buscarase en todo momento facer partícipe ao alumnado da súa propia avaliación: coavaliación e autoavaliación.

BLOQUES DE CONTIDOS	%	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
Comunicación	50	Escala de observación. Rexistro anecdótico.
Plurilingüismo	20	Probas específicas. Cuaderno de traballo, worksheets, libro dixital...
Interculturalidade.	30	Lecturas traballadas na aula. Traballos individuais ou grupais. Presentacións orais e escritas.

Ao final de trimestre, ademais de valorar os resultados das probas escritas, teremos en conta o traballo cotiá, actitude na clase e participación nas actividades.